

CANGAS, UN MODELO DE POBO

Por Arsenio Piñeiro Santos

Un dos camiños que permiten coñecer os principios de toda poboación é un percorrido que parte da análise das diferentes formas de asentamento, reflexadas nos distintos planos que durante o tempo, representan a toda cidade, pobo, vila, aldea, etc., reflexións que parten da morfoloxía do territorio, considerando as formas, dimensións, tamaño e características das parcelas, usos do solo, tamén a estrutura das vías de comunicación, aspectos que se relacionan directamente coa estrutura de idades e ocupación de poboación en cada época.

O asentamento de Cangas de Morrazo, directamente relacionado co mar, prodúcese na ladeira dun monte baixo con recursos forestais e agrícolas, bastante soleado pola orientación a nacente, e busca a defensa natural contra os fortes ventos do sur-oeste. Próximo, o val de Coiro proporciona un soporte de produción terrestre alternativo as actividades e ocupacións derivadas da explotación de recursos do mar.



Distínguese, no contorno do que hoxe se coñece como casco histórico da vila, diferentes formas de organización da edificación, derivadas da maior ou menor dificultade de asentamento sobre a topografía, da presenza de estrutura de camiños -máis tarde rúas- de relación entre os barrios e asentamentos periféricos, posición con respecto ó mar, etc.

Enténdense deste xeito a presenza de áreas con edificacións tradicionais de vivenda, asentadas sobre unha base de rocha, como o barrio de Outeiro, contorno do eirado do Costal, de pequenas dimensións en planta e alturas de baixo e piso, asentamento que tivo dominio visual sobre a enseada, soleado, protexido fronte a temporais do mar, con saneamento de augas que decorrían por gravidade cara as partes máis baixas, un lugar onde ben puideron producirse os primeiros asentamentos neste pobo, unha estrutura urbana hoxe degradada por mor de varias razóns, entre elas, a de non satisfacer necesidades básicas ós seus moradores.

Máis preto do mar, na beira de formacións de rocha, sen estrutura de vías que atravesen o sentido da pendente do territorio, aparecen asentamentos de industria de salazón, con dimensións en planta próximas ós 500 m², nos arredores da rúa Fomento, edificacións que

perderon o seu uso por transformacións no proceso produtivo e artes derivadas da explotación do mar.

Se miramos cara a outra parte da vila, a zona baixa do barrio do Señal, a forma do solo caracterízase pola presenza de pendentes máis suaves, menores do 15%, ata o borde do mar, que foi unha praia natural. Nesta área, de solo con capa vexetal, con maior facilidade de estruturación viaria, concéntranse a maior cantidade de rúas existentes na vila, relacionadas coa situación da antiga praia, varadoiro natural de embarcacións de pesca. E esta unha zona moi exposta os ventos do sur-oeste e inundable ante fortes temporais. As edificacións son de dimensións algo maiores en planta, caracterizándose o asentamento Norte da rúa do Hío pola estrutura parcelaria estreita e larga, onde se localiza a existencia dunha explotación agrícola subsidiaria a pesca.

O modelo territorial que caracteriza a vila defínese pola edificación consolidada cunha media de 2,8 alturas, e unha estrutura viaria composta por unha rúa de borde que recorre toda a fronte marítima, e sobre a que desembocan tódalas demais rúas (forma de espina de peixe), a disposición dos encontros entre rúas localiza dúas áreas diferentes:

- Area comprendida entre o cruceiro do Señal e praza do Arco, onde a disposición de ruas relacionase co borde marítimo, a través do predominio do trazado perpendicular a aquel. Outras rúas dispóñense seguindo a liña da antiga praia, pero sen continuidade, sómente a rúa do Sol, Benigno Soage, Hío, Manuel Graña e Álvaro Guitián enlazadas, relacionan as prazas dos barrios históricos da vila e a Igrexa ex-colexiata de Cangas, e as entradas a vila polo camiño de San Roque e desde Moaña.

- A disposición de rúas seguindo a liña do borde marítimo comprende a zona entre a praza do Arco e o dique de abrigo, sen apenas rúas noutra dirección.

Existen diferentes panorámicas de aproximación por mar e as apoiadas no sistema viario xeral que atravesa o asentamento de poboación. Os accesos desde as vilas de Bueu, e Moaña, desde cotas altas, proporcionan unha lectura onde se pode percibir a presenza do mar, a dimensión e forma do asentamento. Non así ocorre chegando de Aldán onde as recentes construcións residenciais taparon a relación visual marítima e o visitante non se da conta de que se achega a unha poboación con mar ata que entra na vía de borde marítimo, esta é unha secuencia de aproximación con grandes valores panorámicos, de relación coa cidade de Vigo, que pertence xa ó «Cangas que se perdeu».

Outras lecturas localizadas fora do contorno urbano, na xeografía do territorio: montes de San Roque, Balcón do Rei, Castelo, Serra da Magdalena, Igrexario de Coiro, Pedra da Pena, etc. proporcionan diferentes panorámicas a vista de paxaro, a distintas cotas de altura e distancias do núcleo de poboación. É Cangas un asentamento moi fotoxénico, que se deixa contemplar dende as alturas sen necesidade de coller un avión, que permite coñecer a forma, dimensións e demais peculiaridades do asentamento, que se deixa ver tal e como é, fácil de recordar e difícil de esquecer, quizais un dos valores esquecido.

Os espazos situados na fronte marítima sufriron transformacións en diferentes etapas, algúns desapareceron como a praia diante da Avda. Eugenio Sequeiros, outros creáronse como a Alameda e Xardíns e con aqueles foise parte da personalidade da vila mariñeira, outra parte do «Cangas que se perdeu», no seu lugar uns xardíns para esparcemento da poboación cambiaron unha imaxe de pobo mariñeiro con embarcacións de ribeira na súa fronte, por unha imaxe de acabado urbano de sala de estar, propia de xentes que parecen precisar pouco do mar, para

recordo e descanso contemplativo dun pobo mariñeiro que deixa perder o seu carácter, cabe preguntarnos cal sería a imaxe e o papel que hoxe tería a praia, ¿sería positiva ou negativa a súa presenza? Cabe recordar que tiñamos unha solución de borde marítimo interesante, con formación de praia e escollera para amarre de embarcacións. A solución de trazado da Avda. de Eugenio Sequeiros, é bastante singular e interesante, de fácil relación coas rúas perpendiculares a ela. O plano da súa calzada elévase gradualmente diferenciando espazos de peóns cos de circulación rodada de automóbiles, permitindo vistas sobre o recinto do porto pesqueiro e comercial, estamos ante a única rúa exclusivamente peonil da fronte marítima, hoxe unha senda de paso maioritario de persoas, área de encontro e relación cidadá, unha rúa con papel de «praza». En anos sucesivos irase perdendo a relación visual co mar por mor do crecemento das especies vexetais que forman parte dos xardíns.

A superficie delimitada como Casco Histórico da Vila é próxima as 10 Ha. xa consolidadas por edificacións con uso maioritario de vivenda, que representan valores de densidade próximos ás 130 viv/ha, e por conseguinte unha ocupación duns 5000 habitantes. Como antesala desta grande área patrimonial atópanse os terreos gañados ó mar, adicadas a usos diversos de xardíns, zonas verdes, viario, áreas libres, usos portuarios, transportes, aparcamentos, mercado, etc.

A contía dos espazos de esparcemento situados na fronte marítima ronda os 75.000 m² (7,5 Ha) que sumados ós cerca de 20.000 m² obtidos recentemente resulta un total de 95.000 m² (9,5 Ha), superficie equivalente a extensión do Casco Histórico.

Nesta grande área de espazos libres de uso público, atópanse edificacións como o mercado que desempeña un servizo de compra-venta de mercadorías para a poboación da totalidade do Concello, á que se unen os visitantes en épocas de lecer. A praza de abastos xera grande actividade comercial, que atrae outro tipo de mercados exteriores de carácter temporal e ambulante. Tódalas actividades desenvolvidas nese contorno requiren unha gran demanda de espazo para un bo funcionamento e servizo, precisan dunha estrutura e organización de carga, descarga e atención ó público, difíciles de coordinar sen unha previa planificación e ordenación dos espazos. A grande afluencia de usuarios do mercado pode incidir negativamente no normal funcionamento desa área, do contorno próximo, e ademais crear unha imaxe de masificación da zona. Tal é a importancia do uso establecido, que se o puidésemos trasladar a outra parte do núcleo urbano, arrastraría consigo toda actividade de intercambio de mercadorías e ambiente cidadá que se xera o seu carón.

Grande parte dos espazos libres gañados ó mar son competencia de Portos de Galicia, contorno onde é de aplicación a Lei de Portos do Estado e Mariña Mercante vixente, e tamén o disposto nas Normas Subsidiarias de Planeamento de Cangas onde se prevé o desenvolvemento das actividades do porto de Cangas a través da figura dun Plan Especial, que deberá resolver sobre todo a conexión da estrutura viaria interna do porto cos sistemas xerais de transporte terrestre, é dicir, haberá que solucionar o enlace viario propio do núcleo de poboación coas novas vías de circulación que aparecerán como consecuencia da implantación de usos de explotación dos recursos portuarios. Porque será necesario acceder con automóbiles e camións as edificacións que se instalen.

A localización de novos usos na área gañada ó mar vai incidir directamente na vía de beiramar que se verá incrementada con tráfico pesado, que precisa de determinados radios de xiro para acceder o recinto portuario. Por outra parte a disposición de zonas de aparcamento na fronte marítima incide negativamente nos valores panorámicos dunha vila mariñeira, ocultando

visuais cara ó mar é cara un pretendido porto deportivo. É necesario entender o modelo territorial e de asentamento da poboación, coñecer os seus valores intrínsecos, antes de incidir cunha planificación no porto que pode danar a imaxe, personalidade, identidade e carácter dunha vila mariñeira que non quere pasar inadvertida, e que conta con diferentes estados de desenrolo que marcan a súa propia historia.

A explotación económica dos recursos que o porto xera, non pode carrexar deseconomías noutros sectores produtivos que ata agora se veñen desempeñando. A implantación de novas edificacións nese contorno incidirá dalgunha maneira sobre a silueta que define a edificación de beiramar, por conseguinte, un plan de localización de usos portuarios non resolve, nin sequera plantexa o solucionar o entronque da estrutura portuaria e o marco preexistente, non se ten en consideración a importancia da escala da fachada marítima.

O desenvolvemento da área portuaria pasa pola redacción dun Plan Especial do Porto de Cangas, previsto nas Normas Subsidiarias de Planeamento de Cangas, como instrumento de planificación e ordenación pormenorizado dos usos e actividades previstas para o porto, documento que deberá recoller os intereses dos distintos colectivos e sobre todo deberá ter en conta en todo momento e respectar os valores visuais e paisaxísticos propios desta vila mariñeira, o predominio da súa estrutura viaria, a escala das súas edificacións, etc. Unha boa solución do porto pasa por non danar a identidade da poboación que lle da nome: «o Porto é de Cangas». O que está moi claro é que a forma e estrutura do asentamento non acolle mais edificacións diante do mar, incidencias negativas sobre valores turísticos que lle son propios. A localización dos usos a establecer deberá estudiarse tamén en volume e analizar o contraste coa edificación preexistente. Unha mala planificación conleva imaxes urbanas negativas, desordenadas como o caso do núcleo urbano de Marín e área portuaria de Vigo, onde o porto restou protagonismo ó carácter e identidade da cidade, que pasou a ter un segundo plano. Desde aquí unha chamada os planificadores para unha profunda reflexión encamiñada a sentar unhas bases sólidas, concretar un modelo portuario, unha idea de porto con identidade propia que poña en valor o marco onde se asenta. E preciso ordenar o desenvolvemento de forma pormenorizada e non limitarse a grafar nun plano os usos do espazo portuario, requírese un esforzo maior para evitar que aumente a lista de imaxes do «Cangas que se perdeu».

(Publicado en “Festas do Cristo 98”. Cangas, Agosto de 1998)